

**PREGUNTA DE AER RELATIVA AS ÁRBORES DA REFORMA DA AVDA. DE VIGO EN CHAPELA (Rex. Entrada 02.07.2018, 2018-E-RPLN-14).**

PLENO 04 XULLO 2018. ACTA 09/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

*“No proxecto de reforma da Avenida de Vigo en Chapela estaba prevista a plantación de 69 árbores con “alcorque”. Tras unha revisión in situ por membros de AER do resultado final da reforma, atopámonos que ningunha das 69 árbores con “alcorque” do proxecto orixinal aparecen nas ubicacións planificadas e que se recollen nos planos de ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA. PLANTA DE DETALLE. Cabe sinalar que aparecen 14 árbores plantadas nun recheo anexo a un dos tramos da Avenida de Vigo e outras 6 na antiga estación de trens, todas elas sen coincidir co proxecto de reforma oficial.*

*Para AER as humanizacións deben ir encamiñadas a devolver as rúas na medida do posible, aos peóns e á veciñanza, prevalecendo o tránsito humano e os transportes colectivos sobre o vehículo privado. A mellora paisaxística é para a nosa agrupación fundamental e a dotación de arborado urbano que axude a harmonizar a paisaxe, que propicie a suavizar o microclima urbano en época estival e como non, colabore na fixación do carbono que provoca o elevado número de vehículos en tránsito son dos poucos valores que poden xustificar acometer calquera obra denominada de “humanización”.*

En vista do exposto, PREGUNTAMOS:

***Ten pensado o Concello de Redondela solicitar á Xunta de Galicia a plantación das árbores proxectadas e orzamentadas inicialmente ao longo da Avenida de Vigo, ou, de ser o caso, cal sería o motivo de que non se realizase tal plantación e mesmo non se deixase o correspondente “alcorque” onde instalar as árbores?”***

*Resposta: María José Barciela: unha obra que están todos os veciños contentos e nós tamén, varias reunións cos veciños, consenso con eles, ampliáronse as beirarrúas, queremos aparcamento... entón non sei onde queremos as árbores. Puxéronse zonas verdes, vanse poñer xardineiras. Vos invito e vamos onde está o Supermercado Día, entre todos buscámoslle unha solución. Hai cousas que non estaban no proxecto e se fixeron.*